

# REGULAMENTO

PISTA DE ATLETISMO

CONCELLO DA ESTRADA



Concello  
da Estrada



## 1.- CARACTERÍSTICAS DA INSTALACIÓN

Pista de atletismo con 400 metros de corda con 8 ruas, espazos habilitados para o lanzamento de martelo, peso, disco e xavelina, zonas para o salto de altura, pértega, lonxitude e triple salto, bancada e cabina de control na recta de meta.

## 2.- ACCESO A INSTALACIÓN

Unicamente poderán acceder ao recinto deportivo os clubs, deportistas, entidades e persoas usuarias que teñan a autorización expresa de AEstradaDeporte. Independentemente desta circunstancia, o/a conserxe da instalación poderá denegar a entrada ao recinto a deportistas e clubs concesionarios -incluso suspender a actividade unha vez iniciada- se considera que, ao seu criterio, existe algunha circunstancia extraordinaria que o aconselle. Non está permitido o acceso o público nos adestramentos.

Os/as menores de idade sempre deben de acceder e estar baixo supervisión do adestrador, que debe de ter licenza federativa vixente, ou título acreditativo.

As persoas usuarias deberán seguir as observacións e os requirimentos do persoal a cargo da instalación e están obrigadas a cumprir as presentes normas. Os comportamentos inadecuados e/ou vandálicos contra calquera dos elementos do recinto deportivo ou contra outras persoas usuarias, suporán a expulsión inmediata da persoa ou persoas implicadas.

AEstradaDeporte resérvase o dereito a anular ou suspender calquera reserva se for necesario, situación que se comunicaría coa máxima antelación á persoa e/ou colectivo afectado.

O uso das bancadas durante os adestramentos e as actividades que non son de competición está reservado unicamente para as persoas deportistas/usuarias e membros técnicos/as dos clubs (adestradores/as, preparadores/as físicos/as...).

Obrigatorio comunicar a chegada no mostrador de entrada da Piscina AGASP, que será filtro imprescindible para poder xestionar o acceso á instalación, a que non se poderá acceder sen a solicitude previa.

Ata que se atope confeccionada e vixente a ordenanza cas taxas de uso da instalación, o acceso será controlado e gratuito.

## 3.- SOLICITUDE DE USO E ASIGNACIÓN DE HORARIOS

Mediante solicitude previa o inicio do curso/tempada, os clubs deportivos terán asignados uns horarios para o uso da pista de atletismo, que estarán vixentes durante o curso/tempada de referencia. Para o resto de solicitudes deberán de cursarse polo correo electrónico [pistadeatletismo@aestrada.gal](mailto:pistadeatletismo@aestrada.gal) indicando **nome, apelidos, DNI, número de teléfono de contacto e o día e horario solicitado**, o que se lle dará contestación.

Horarios:

- De luns a venres: de 9 a 23 horas.
- Sábado: de 9 a 14 e de 18 a 21 horas.
- Domingo: de 10 a 14 horas.

Os horarios non se poderán modificar durante toda a tempada, a non ser por causa excepcional ou extraordinaria e baixo previa solicitude e autorización deste departamento. os clubs deberán de axustar a utilización da instalación os horarios que se lle asignen.

Os clubs interesados en adestrar na fin de semana, deberán de consultalo con este departamento na mesma semana que soliciten, xa que para o uso das instalacións teñen prioridade as competicións regulares.

Os **deportistas individuais** deberan de facer reserva/solicitud previa para o uso da instalación, autorizándose o horario solicitado ou propoñendo un alternativo. Cunha única solicitude xa se pode solicitar a instalación se o horario é sempre o mesmo e se estende no tempo (por exemplo: todos os luns de 16 a 17 horas). Se o horario varía, débese facer unha solicitude diferente para cada día. Deberase de cursar a solicitude cun mínimo de 12 horas de antelación.

Estes horarios poderán ser anulados ou modificados, previo aviso, no caso de aumentar ou disminuir a demanda das instalacións e únicamente serán válidos para curso/tempada de referencia ou ata novo aviso.

#### **4.- PRIORIDADE DE USO**

- ❖ Os atletas federados de calquera club local de Atletismo e actividades propias de AEstradaDeporte.
- ❖ O programa das escolas deportivas municipais, o alumnado da AGASP e os atletas empadroados no Concello da Estrada pero federados en clubs doutros concellos.
- ❖ Os deportistas doutros clubs deportivos locais.
- ❖ O alumnado dos centros educativos do Concello da Estrada.
- ❖ As actividades/eventos/adestramentos da FGA.
- ❖ Os atletas non federados e os usuarios a nivel particular.

#### **5.- NORMATIVA USO PISTA DE ATLETISMO**

Non se poderán manipular os equipamentos deportivos existentes nas instalacións sen a autorización do/a conserxe e sen que el/ela estea presente.

O uso da pista de atletismo regularase por medio de normativa que se completará co establecido no regulamento xeral das instalacións de AEstradaDeporte.

- 1. Todo usuario debe identificarse no mostrador de acceso á instalación ou no control de acceso da mesma.
- 2. Queda prohibido o acceso á pista de atletismo de todas aquelas persoas que non formen parte do adestramento/competición deportiva e/ou teñan unha autorización expresa de AEstradaDeporte.
- 3. Para todo usuario da instalación é preceptivo seguir as indicacións do persoal de instalacións.
- 4. É obrigatorio o uso de calzado deportivo adecuado (zapatillas de cravos de atletismo ou zapatillas deportivas).
- 5. Se se usan zapatillas de cravos, estes NON poderán ter máis de 6 mm.
- 6. Queda prohibida a introdución na pista de atletismo ou campo de céspede de utensilios ou artefactos non autorizados pola dirección de AEstradaDeporte.
- 7. É imperativo que ao cruzar a pista, mírese se alguén está a facer series ou vai comezar a facelas.

- 8. Está prohibido usar a instalación con cascos/auriculares, ca excepción de cando se é o único usuario.
- 9. A dirección da carreira na pista será obrigatoriamente deixando a corda á esquerda. (contrario ás agullas do reloxo). Para poder cambiar de sentido hai que estar só na pista, ou que todo o grupo que está só na pista o faga o mesmo tempo.
- 10. Non está permitido cambiar de rúa sen mirar aos lados. Non está permitido cruzar a pista sen asegurarse previamente de que non hai deportistas correndo. Non se debe de parar en seco sen asegurarse de que non vén ninguén detrás.
- 11. Débese adiantar sempre pola dereita do atleta sobrepasado.
- 12. Respetar ao máximo aos nenos/escolares que están realizando actividade.
- 13. Prohibido utilizar as ruas para camiñar, ou realizar calquera actividade deportiva que non sexa atletismo.
- 14. Uso das Rúas:  
Queda terminantemente prohibido correr pola rúa 1, salvo para realizar series superiores a 400 metros.  
As series con valos faranse polas rúas 5, 6 e 7 e as de distancias lisas ata os 400 metros (incluídos), pola 2, 3 e 4.  
Para as series de valos poderase utilizar a recta de meta, exclusivamente polas rúas habilitadas para o efecto (5, 6 e 7).
- 15. As saídas de tacos poderanse facer dende a liña de saída de 110m, 100m, 200m, 300m e 400m, tanto da recta principal como da contra-recta. En ningún caso está permitido a instalación de tacos simultaneamente en varias liñas de saída da recta principal ou contra-recta (liñas de 100-80-60 e 50 metros, por exemplo). As saídas en curva poderanse realizar simultaneamente polas rúas 2, 3 e 4, exclusivamente, desde a saída do 400. Queda prohibida a instalación de tacos en calquera outra zona da pista. habendo que colocalos verticalmente sobre o tartán e está prohibido arrastralos para evitar a deterioración da pista. O rematar de usalos hai que recollelos.
- 16. Os arrastres deberán realizarse na rúa 8, na contrarecta de meta e na zona de céspede, e unicamente co material adecuado (trineo con pesas). Quedan prohibidos arrastres noutras zonas da pista. Tamén poderán realizarse nas zonas de céspede previamente habilitadas.
- 17. Está prohibido o acceso á pista con todo tipo de vehículos. Prohibido utilizar motos, bicicletas, monopatins ou similares para marcar ritmos os atletas.
- 18. Os atletas pertencentes aos clubs locais e as Escolas de Atletismo teñen preferencia para o uso das zonas de carreira, saltos e lanzamentos. No caso dos lanzamentos, A Estrada Deporte. poderá establecer unha franxa horaria de uso exclusivo que será de obrigado cumprimento.
- 19. Cando non exista esa franxa horaria, acoutarase unha zona de seguridade para utilización exclusiva de lanzadores, sempre baixo responsabilidade do/s adestrador/es responsables.
- 20. Os usuarios dos fosos de lonxitude están obrigados a varrer e recoller a area que, polo seu uso, ensucie a pista, así como a cubrir o foso unha vez finalizadas as actividades. O incumprimento desta norma pode conlevar a NON autorización para usos posteriores.
- 21. A utilización dos colchóns de altura e pértega só poderán facerse previa solicitude ao persoal da instalación. É obrigatorio o seu acondicionamento posterior tras a súa

utilización. O incumprimento desta norma pode conlevar a NON autorización para usos posteriores.

- 22. O uso de material, recollida e entrega do mesmo, realizarase seguindo as instrucións do persoal da instalación. En calquera caso, é preceptiva a presentación ao devandito persoal de DNI ou documento acreditativo.
- 23. Os deterioros que se produzan polo mal uso do material ou a perda do mesmo, deberán ser aboadas polo usuario.
- 24. AEstradaDeporte non se responsabiliza de calquera perda ou roubo que poida producirse na instalación.
- 25. Aforamentos:
  - Clubs de atletismo e/ou escolas de atletismo:*
    - ❖ Pista Atletismo, salto altura e pértega, salto lonxitude e triple e lanzamentos; depende do grupo.
  - Deportistas:*
    - ❖ Pista Atletismo, 8 deportistas por rúa.
    - ❖ Salto Altura e Pértega, 10 deportistas.
    - ❖ Salto Lonxitude e triple, 8 deportistas por foso.
    - ❖ Lanzamentos, 10 deportistas.
- 26. O uso da instalación supón a aceptación desta normativa de uso. Calquera persoa que non cumpra dita normativa poderá ser expulsada da instalación. Calquera persoa que non cumpra esta normativa poderá ser requirida a que abandone a mesma polo persoal de AEstradaDeporte.
- 27. AEstradaDeporte resérvase o dereito de modificar días, horarios etc., se fose preciso e en función de novas actividades, así como de suspender as actividades pola celebración doutras de carácter puntual ou por decisión de dito departamento.

## 6.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

**A asistencia dos pais/nais os adestramentos está prohibida. Únicamente autorizado público a competicións/eventos deportivos.**

**Os clubs e entidades con concesión de uso dunha instalación para toda a tempada** deberán de cumprir a normativa específica e as circulares adicionais que no seu momento lles remita o Concello da Estrada, que se consideran un complemento ás presentes normas. Os horarios e **os días reservados para a unha entidade son intransferibles**. As situacións puntuais sobre esta cuestión que se dean ao longo da tempada deberán de ser consultadas con AEstradaDeporte e precisarán da súa autorización.

**A entidade poderá perder a súa reserva de instalación** se, de forma reiterada e non xustificada:

- Non fai uso dela.
- Incumpre de forma reiterada os horarios concedidos para a tempada.
- Incumpre algunha das normas recollidas neste documento.

**Os danos ocasionados na instalación**, ou en calquera dos seus elementos, por parte das persoas deportistas e usuarias en xeral, como consecuencia de actos negligentes ou de accións vandálicas, deberán de ser asumidos e compensados pola persoa ou persoas implicadas. No caso concreto de actividades vinculadas con clubs deportivos, considerarase a entidade a responsable subsidiaria, polo que estará obrigada a repoñer os danos

producidos. A reiteración deste tipo de comportamentos ao longo da tempada suporá a anulación automática de todas as horas de uso das que dispoña a entidade, con independencia do equipo ou persoa que cometa a infracción.

Os usuarios deben informar aos/ás conserxes dos estragos ou anomalías que observen nos diferentes espazos da instalación.

**O Excmo Concello da Estrada non se fai responsable** dos obxectos extraviados, subtraídos ou esquecidos nos vestiarios ou no interior da instalación. Recoméndase non introducir no recinto obxectos de valor.

**O Excmo Concello da Estrada declina toda a responsabilidade** das lesións derivadas da práctica deportiva que puideren producirse. Enténdese que no momento de facer uso da instalación as persoas usuarias manifestan estar aptas para realizar actividade físico-deportiva.

**No control de acceso das instalacións** hai follas de incidencias e queixas á disposición das persoas interesadas.

**Para calquera información, dúbida ou suxestión respecto do uso e do funcionamento destas instalacións** deberá de dirixirse ao Departamento de Deportes do Concello da Estrada, para o que pode acudir ás súas dependencias no 4º andar da casa do concello, chamar ao teléfono 986 570 030 extensión 4405 (de luns a venres, de 9.00 a 14.00 h) ou enviar unha mensaxe ao enderezo de correo electrónico [deportes@astrada.gal](mailto:deportes@astrada.gal)

#### **OUTROS TELÉFONOS DE INTERESE**

Protección Civil: 986 573 333

Policía Local: 986 570 898

Centro de Saude A Estrada: 986 572 063

Emerxencias: 112